

CALENDARIO



AULA

2h a distancia
os venres 17-19 hrs

LAB

4h presenciais
os venres 17-21 hrs

16 XAN	Motivación	
23 XAN	Creatividade	
30 XAN		
06 FEB	Negociación	
20 FEB	Persuasión	
27 FEB		
06 MAR	Comunicación	
13 MAR	Equipo	
20 MAR		
10 ABR	Liderado	
17 ABR	Marca persoal	
24 ABR		
08 MAI	Estratexia	
15 MAI	Xestión tempo	
22 MAI		
29 MAI	Integración	
05 XUÑ	Integración	
12 XUÑ		

CURSO DE HABILIDADES DIRECTIVAS E ALTO RENDEMENTO PARA PROFESIONAIS DA INDUSTRIA FORESTAL-MADEIRA

CHDAR^{IFM}

FORMANDO PROFESIONAIS EXCELENTES

ACCÍONS FORMATIVAS E DIVULGATIVAS
DIRIXIDAS AO IMPULSO DO COÑECEMENTO
E A COMPETITIVIDADE DA INDUSTRIA
FORESTAL-MADEIRA DE GALICIA.
COETFG 2025-2026 (IN501A)



Organizado polo:



Consello Cidadán
e do Parlamento de Galicia
e do Goberno

Cofinanciado pola:
AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL



XUNTA
DE GALICIA

EQUIPOS E TRABALLADORES DE ALTO RENDEMENTO

Chamamos equipo a un grupo de persoas que se organiza para realizar unha actividade ou traballo.

Chamamos equipo de alto rendemento a aquel que se organiza de forma excelente para realizar unha actividade ou traballo de maneira eficaz, eficiente e produtiva.

A gran pregunta é: Onde reside a clave desa excelencia que conduce á eficacia, a eficiencia e a produtividade dos equipos e das persoas que neles traballan?

Segundo expresan a maioría das persoas expertas no desenvolvemento de equipos, o elemento diferencial está no adestramento e desenvolvemento de dez habilidades esenciais que converten ao traballador en extraordinario e ao equipo en excelente. A agregación desas dez destrezas define a molécula do talento persoal e corporativo que tipifica o ADN dos equipos de alto rendemento. Cales son esas dez habilidades?



Durante seis meses imos adestrar e desenvolver cada unha desas dez habilidades concentrándonos en dúas competencias ao mes que se desenvolverán conceptualmente nun aula a distancia e se adestrarán conxuntamente nun laboratorio presencial mensual.

METODOLOXÍA DE ADESTRAMENTO

Arrincamos sempre cunha conferencia ou charla de 2 horas na que tratamos de compartir os principais tips/quotes nos que se pode resumir unha competencia ou habilidade.

Buscando transmitilos de maneira sintética, visual e didáctica, en cada charla estendemos a todas as persoas asistentes unha infografía resumen PDF que se compartirá ao final da exposición.

Adicaremos as sesións dos dous primeiros venres de cada mes a desenvolver, durante 2 horas, un aula concentrada en 1 habilidade.



Unha vez coñecidos os principios básicos das dúas habilidades do mes, toca practicar. E é que, exercitar os coñecementos teóricos adquiridos dun modo máis práctico é fundamental para ser cada vez máis competentes no desenvolvemento desas habilidades.

Para logralo, o terceiro venres de cada mes programaremos un laboratorio presencial práctico para exercitar as competencias adquiridas os dous venres anteriores.

MODESTO GÓMEZ - O FORMADOR -



+info en: www.modestogomez.es

Estuda Economía na USC e logo especialízase en márketing e xestión do talento persoal e profesional.

Traballou en múltiples empresas e colaborou con administracións, institucións, asociacións e universidades de toda España.

É articulista, colaborador asiduo de medios de comunicación e formador de INCYDE, da EOI, da EGAP e de grandes empresas e corporacións nacionais e internacionais. ademais de mentor da USC.